

ALBORADA FEMINISTA

Vimos da man de moi lonxe
lembrando ás que xa non estarán
Xuntas imos tan lixeiras como a auga das fontes
Non pensamos dar un paso atrás

Acendendo no peito candeas
que nunca máis habemos apagar
imos porque no horizonte Venus xa alumea
sinte como se esvaece o teito de cristal

Nunca máis desprezos nin violencias
Nunca máis con medo a camiñar
reescribiremos a historia que nos negan
as invisibles da sombra sairán!

Nós levamos na fronte unha estrela
resoará no noso bico un cantar
avanzamos cara o arco da vella
Ningunha vai ficar atrás

Somos fortes, loitadoras e diversas
despegaremos os nosos pés do chan
poñeremos o respecto por bandeira
sementaremos nosa esperanza alén do mar

Nós levamos na fronte unha estrela
resoará no noso bico un cantar
poñeremos o respecto por bandeira
Ningunha vai ficar atrás